



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### **ACTA DO TRIBUNAL PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARZÚA ( Auxiliar Biblioteca ).**

Reunidos ás 9:00 horas en data 2/08/2023 na Secretaria do Concello os membros do Tribunal de selección do proceso de selección para contratación de persoal laboral temporal programa de integración laboral da Deputación Provincial de A Coruña para execución de obras e servizos mínimos municipais (auxiliar de biblioteca ) segundo bases de selección aprobadas por decreto do Alcalde nº 462/2023, de data 26/06/2023 publicadas no BOP nº 124 de data 30 de xuño de 2023.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde nº 537/2023, de data 28/07/2023 (publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal), aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución e realización da proba de oposición os membros do Tribunal cualificador:

Estando presentes :

#### **Presidente:**

**Titular:**Ramón Torreiro González Bibliotecario do Concello de Arzúa

#### **Vogais:**

**Titular:** Mercedes Costoya Cortés Técnica Biblioteca do Concello de Vilansantar.

**Titular:** Santiago Eiris Pombo Técnico Biblioteca do Concello de Ames

**Titular** María José Lage Vázquez Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa

#### **Secretaria:**

**Titular:** D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez (secretaria do concello de Arzúa)

Polo Presidente declárase constituído Tribunal e procédese pola Secretaria á lectura das bases aplicables a este procedemento selectivo tal como segue:

#### **9.2.1.- FASE DE OPOSICION 8 puntos**

Consiste na realización dunha proba tipo test con 20 preguntas do temario contido en Anexo III ( faranse 5 de reserva para cobertura en caso de impugnacións ) cunha puntuación total de 8 puntos valorando cada resposta correcta con 0,4 puntos ( non restan as mal contestadas nin as non contestadas) debendo obter unha puntuación de 4 para entender superada a proba de oposición

Para entender superada a fase de oposicion deberán obterse 4 puntos .



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

A continuación procédese na Secretaría do Concello á elaboración da proba tipo test aportando cada membro preguntas con tres respostas alternativas que completadas con máis de 20 preguntas aportadas por Secretaría son elexidas finalmente por sorteo .

### **O Tribunal por unanimidade ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Visto que nas bases non se marca tempo de realización da proba proponse os aspirantes 50 minutos así como outorgar dous días para alegacións dende publicación deste acordo fronte a proba de oposición e as calificacións provisionais .

**SEGUNDO .-** Realizar a seguinte proba de oposición :

### **PROBA TEST PEL BIBLIOTECA 2023 ( GALEGO )**

#### **1.- O desenvolvemento da biblioteconomía moderna esta relacionado con:**

- a) O Renacemento.
- b) O desenvolvemento das bibliotecas públicas anglosaxoas.**
- c) A explosión de información desde a segunda metade do século XIX.

#### **2.- As bibliotecas xurdiron en:**

- a) A Antigüidade.**
- b) A Idade Media.
- c) Século XVI.

#### **3.- A organización da colección consiste en:**

- a) Realizar un tratamento adecuado para facilitar a recuperación da información.**
- b) Realizar un tratamento adecuado para facilitar a conservación dos documentos.
- c) Aplicar a Clasificación Decimal Universal.

#### **4.- A finalidade última da cooperación bibliotecaria é:**

- a) Compartir recursos.**
- b) Reducir persoal.
- c) Crear unha base de datos común.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### 5.- As Directrices IFLA/UNESCO, con respecto á infraestrutura da biblioteca públicas:

- a) Establece as medidas concretas dos distintos servizos da biblioteca pública.
- b) Establece as medidas aproximadas dos distintos servizos das bibliotecas públicas.
- c) **Enumera os espazos que poderían ser necesarios para os distintos servizos da biblioteca.**

### 6.- A Resolución do Parlamento Europeo sobre o Papel das Bibliotecas na Sociedade Moderna foi promulgada en:

- a) **1998.**
- b) 1999.
- c) 2000.

### 7.- O plan de adquisición cooperativa de revistas matemáticas que se desenvolve en España chámase:

- a) DOCUMATE.
- b) **DOCUMAT.**
- c) RevMat.

### 8.- Como resultado da Reunión Internacional de Expertos en Catalogación, en Copenhague publícase a primeira edición das (ISBD) no ano:

- a) 1969
- b) **1971**
- c) 1975

### 9.- Cal dos seguintes números está vacante na CDU?

- a) 2.
- b) **4.**
- c) 6.

### 10.- Como se chama o sistema de clasificación que creou Ranganthan?

- a) Clasificación Decimal Universal.
- b) **Clasificación Colonada**
- c) Clasificación Especializada Internacional.

### 11.- As etiquetas 001 corresponden a:

- a) Os campos reservados.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- b) **Os campos de identificación.**
- c) Os campos bibliográficos.

### 12.- Que significa ISBD

- a) **Descrición Bibliográfica Internacional Normalizada.**
- b) Descrición Internacional de libros
- c.) Clasificación Decimal Universal

### 13.- Que se consegue co ISBD

- a) Proporcionar especificacións para unha catalogación descritiva compatible a nivel mundial
- b) Axudar á interpretación dos rexistros por riba das barreiras lingüísticas
- c.) **As dúas son correctas**

### 14. -Que é o formato MARC.

- a) **Está deseñado para conter información bibliográfica, tal como títulos, nomes, temas, notas, información sobre publicacións, e descrición físicas de libros.**
- b) Está deseñado para conter información de compras de libros
- c) As dúas respostas son correctas

### 15.- Que significa CDU

- a) Descrición Internacional de libros
- b) **Clasificación Decimal Universal**
- c) Código decimal universal

### 16.- Cal destas definicións de folleto é correcta:

- a) Publicación periódica que consta de 8 a 48 páxinas sen contar as cubertas.
- b) Publicacións de 50 a 60 páxinas.
- c) **Publicación impresa non periódica que consta de máis de 4 páxinas e menos de 50.**

### 17.- Para rexistrar dúas copias dunha enciclopedia en tres volumes, necesitaremos:

- a) Un único número de rexistro.
- b) Tres números de rexistro.
- c) **Dous números de rexistro.**

### 18.- Que é o Z3950?

- a) **É un estándar internacional que se utiliza para configurar as buscas e a recuperación de información entre bibliotecas e centros de documentación.**



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- b) É un protocolo internacional para a catalogación de publicacións periódicas utilizado nos países de fala hispánica.
- c) É un protocolo para catalogación e préstamo de libros electrónicos.

### 19.- A área 6 das ISBD é a área de:

- a) Notas
- b) **Serie**
- c) Datos específicos da clase de documento

### 20- Como se chama o programa de dinamización da lectura que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia ás bibliotecas que forman parte dela?:

- a) GaliciaLe
- b) Letras vivas
- c) **Ler conta moito**

### RESERVAS:

#### 1. - En MARC 21 Bibliográfico, o único autor persoal, que campo de encabezamento lle corresponde?:

- a) **100**
- b) 111
- c) 110

#### 2.- A función do expurgo é:

- a) Aumentar o espazo nos andeis.
- b) **Retirar documentos deteriorados, con información desfasada ou que non se axustan aos obxectivos da biblioteca.**



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- c) Retirar os documentos con máis de dez anos.

### 3.- Segundo o artigo 3 da Lei de bibliotecas de Galicia 5/2012 o préstamo bibliotecario defínese como :

- a.- Posta a disposición de orixinais dunha obra para o seu uso por tempo limitado.
- b.- Posta a disposición de orixinais dunha obra para o seu uso por tempo limitado, sen beneficio económico ou comercial directo nin indirecto, sempre que se realice a través de bibliotecas públicas .
- c.-b.- Posta a disposición de orixinais ou copias dunha obra para o seu uso por tempo limitado, sen beneficio económico ou comercial directo nin indirecto, sempre que se realice a través de bibliotecas públicas .**

### 4. -O ISBN ten 13 díxitos desde:

- a) 2008
- b) 2006
- c) 2007

### 5. – Koha é un Sistema Integrado de Xestión de Bibliotecas. É propiedade de:

- a) Xercode
- b) Xesdoc
- c) **É de código aberto**

As 12:06 horas faise chamamento para realización da proba en sala do Multiusos Terra do Queixo do Concello de Arzúa edificio ó que se despraza o Tribunal .

Presentanse os seguintes aspirantes .

Miguel Angel Mateos Carreira \*\*\*1720\*\*  
Borja Arias Mas \*\*\*5617\*\*  
Lucía Carreira Pazos \*\*\*9190\*\*  
José Javier Fuentes Rial \*\*\*6014\*\*  
Lara Francisca Portoles Argüelles \*\*\*6632\*\*  
Patricia Merino Mouriño \*\*\*7967\*\*



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**Todos/as aspirantes aproban que a proba teña un tempo de realización de 50 minutos así como dous días de alegacións fronte a proba e cualificacións outorgadas a mesma.**

**A proba de oposición iniciouse ás 12:12 entregando antes das 13 horas todos os aspirantes a mesma .**

**Os membros do Tribunal procedendo a valoración da proba tipo teste ACORDOU por unanimidade :**

**UNICO.-** Excluir por non terse presentado á proba de oposición os aspirantes que seguen:

- 1.-Alberto Vázquez Vázquez
- 2.-Isabel Leis Outon
- 3.-María Luisa García Cardelle
- 4.-Sara Varela Veiga

Outorgar as seguintes puntuacións provisionais ( superando a proba de oposición todos/as aspirantes presentados/a ) dando dous días hábiles para alegacións a partir do seguinte a publicación de certificado deste acordo no taboleiro de anuncios do Concello .en relación as preguntas e cualificación das probas :

Código 100F: 7,2  
Código 100I: 6,8  
Código 100A: 6,8  
Código 100J: 6  
Código 100E: 6  
Código 100D: 5,6

Convocar en sesión telemática o Tribunal para o día 7/8/2023 ás 9:00 horas así como presencialmente na Secretaria do Concello de Arzúa os/as candidatos/as interesados para apertura de sobres e identificación das probas, continuando no seu caso con resolución alegacións, puntuacións definitivas e valoración de méritos aportados no concurso , xunto con proposta de contratación e formación de bolsa .

Polo Presidente sendo as 13:02 horas levántase esta sesión, de todo o que como Secretaria dou fe, remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

**A Secretaria:** D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez (Secretaria do Concello de Arzúa)

**Presidente:**



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**Titular: Ramón Torreiro González**

### **Vogais:**

**Titular:** Mercedes Costoya Cortés Técnica Biblioteca do Concello de Vilansantar.

**Titular:** Santiago Eiris Pombo Técnico Biblioteca do Concello de Ames

**Titular** María José Lage Vázquez Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa